



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI, A TRAVÉS DA FILMOTECA DE GALICIA, E A SUCURSAL EN ESPAÑA DA FUNDACIÓN JAPÓN PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA RETROSPECTIVA DO DIRECTOR XAPONÉS HIROSHI SHIMIZU.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)

#### DECLARA:

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais pretende formalizar coa Fundación Japón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 4 de marzo de 2026.

#### Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A organización da retrospectiva adicada ao director de cine xaponés Hiroshi Shimizu, a través dun ciclo que se compón de oito das súas películas máis representativas, que serán proxectadas na Filmoteca de Galicia nas datas que se indican:

- Japanese Girls at the Harbor (Minato no Nihon musume / 港の日本娘, 1933). Branco e negro. Muda. 72min. 16mm. 5 de febreiro.
- Forget Love for Now (Koi mo wasurete / 恋も忘れて, 1937). Branco e negro. 73min. 35mm. 6 de febreiro.
- The Masseurs and a Woman (Anma to onna / 按摩と女, 1938). Branco e negro. 65min. 16mm. 10 de febreiro
- Introspection Tower (Mikaheri no tô / みかへりの塔, 1941). Branco e negro. 110min. 16mm. 12 de febreiro.
- Notes of an Itinerant Performer (Uta-jo oboegaki / 歌女おぼえ書, 1941). Branco e negro. 95min. 16mm. 18 de febreiro.
- Ornamental Hairpin (Kanzashi / 簪, 1941). Branco e negro. 68min. 16mm. 20 de febreiro.
- Mr. Shosuke Ohara (Ohara Shosuke-san / 小原庄助さん, 1949). Branco e negro. 90min. 16mm. 26 de febreiro.





- The Shiinomi School (Shiinomi gakuen/しいのみ学園, 1955). Branco e negro. 98min. 16Mm 28 de febreiro.

**Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:**

A Fundación Japón, a través da súa sede en Madrid, ten como misión contribuír a un maior avance na difusión da cultura xaponesa en España, para o que leva a cabo programas de presentación da arte e da cultura xaponesas, para a difusión da súa lingua, dos estudos xaponeses e de intercambio intelectual.

Pola súa parte, a Axencia Galega das Industrias Culturais ten por obxecto, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, así como estreitar a coordinación entre as administracións públicas e axentes privados con competencias na materia para incrementar a posibilidade de acadar unha maior calidade e oferta cultural, para o que conta coa Fimoteca de Galicia, entidade encargada da difusión do patrimonio audiovisual.

A Fundación Japón e Agadic, a través da Fimoteca de Galicia, teñen un interese común en organizar unha retrospectiva adicada a Hiroshi Shimizu, un dos grandes mestres da historia do cine xaponés, para o que está prevista a proxección dun ciclo das súas películas máis representativas.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

